


# 2) COUSAS QUE DEBERÍAMOS FACER NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES



## CLASIFICAR

Clasificar, organizar e sinalizar debidamente todos os recursos dispoñibles, físicos e virtuais.

## Manter

Manter os fondos accesibles, adquirir as novidades con criterio, coidar a proporción entre ficción, ensaio, textos divulgativos...

## Sinalizar

Sinalizar coidadosamente as seccións e andeis. Facer expurgos cada certo tempo para manter a colección actualizada e os libros con suficiente espazo nos andeis.

## Explicar

Explicar como está organizada a biblioteca, dando unha boa formación de usuarios para fomentar a súa autonomía.

## ENSINAR

Ensinar ao alumnado a investigar, localizar recursos, citar fontes, organizar a información.

## Lembrar

Lembrar ao alumnado as boas prácticas na rede, devolver o prestado, compartir as ideas.

## Facilitar

Facilitar xenerosas dosis da mellor literatura e os textos informativos máis interesantes.

## Ampliar

Ampliar o acceso ós recursos máis aló do horario e das paredes do centro por medio das TIC.

## Enlazar

Enlazar os recursos en liña cos recursos físicos, o profesorado coas TIC.

## Proporcionar

Proporcionar recursos variados para todo tipo de intereses.

## PROMOVER

Promover a aprendizaxe crítica, as ideas compartidas, a curiosidade, o gusto por descubrir.

## Crear

Crear páxinas web, blogs, wikis, videos, concursos, webquests, procuras do tesouro...

## Desafiar

Desafiar a aprendizaxe demasiado académica. Aceptar o reto de aprender por proxectos.

## Axudar

Axudar ao profesorado no uso das TIC para conformar novas estratexias de procura, selección, análise, produción e difusión do coñecemento.

## ORGANIZAR

Organizar diversos espazos e ocasións de encontros físicos e virtuais, clubs, charlas, debates...

## VISUALIZAR

Visualizar e poñer en valor as iniciativas que fomenten a creatividade, imprescindible no mundo tan complexo que o alumnado terá que xestionar.

## Acoller

Acoller ao alumnado que, nun momento determinado, precise dun refuxio seguro e comfortable.

## Fomentar

Fomentar a colaboración entre diferentes docentes e materias. Crear espazos que trascendan as aulas.

## Liderar

Liderar a documentación dos traballos por proxectos, facendo seguimento do proceso que deberá rematar nun documento final.

## Publicitar

Publicitar as mellores actuacións do centro facéndoas visibles ao resto da comunidade e a outros centros.

## COLABORAR

Colaborar coa comunidade educativa, coa rede de bibliotecas escolares, coas librerías locais, con iniciativas municipais...